

## **Definición de consentimento afirmativo**

O consentimento afirmativo é unha decisión consciente, voluntaria e mutua entre todos os participantes para levar a cabo unha actividade sexual. O consentimento pode darse de palabra ou acción, sempre que esas palabras ou accións creen un permiso claro en relación coa vontade de levar a cabo a actividade sexual. O silencio ou falta de resistencia, por si mesmos, non demostran o consentimento. A definición de consentimento non varía en función do sexo, orientación sexual, identidade ou expresión de xénero do participante.

O consentimento para calquera acto sexual previo ou calquera actividade sexual anterior consentida entre ou que inclúa a calquera das partes non necesariamente implica un consentimento para calquera outro acto sexual.

Consentimento é necesario, con independencia da persoa que inicia o acto está baixo a influencia de drogas e / ou alcohol.

O consentimento pode darse inicialmente e retirarse en calquera momento.

O consentimento non se pode dar cando unha persoa estea incapacitada, o que se produce cando alguén carece da capacidade de escoller participar conscientemente nunha actividade sexual. A falta de capacidade pode estar provocada por falta de consciencia ou por estar durmido/a, limitado de xeito involuntario ou de calquera outro xeito que impida o consentimento. Dependendo do grao de embriaguez, unha persoa que estea baixo a influencia do alcol, drogas ou outros estupefacientes podería estar incapacitada, e polo tanto incapacitada para dar o seu consentimento.

Non é posible dar o consentimento cando sexa resultado de calquera tipo de coerción, intimidación, forza ou ameaza de dano.

Cando se retire o consentimento ou deixe de poderse dar, a actividade sexual ten que parar.

## **Amnistía por cargos por condutas derivadas do uso de drogas e alcohol**

A saúde e seguridade de todos e todas as estudantes de Rockland Community College é de vital importancia. RCC recoñece que os estudantes que beberan e/ou tomaran drogas (fose o seu consumo voluntario ou involuntario) no momento en que se produza violencia, incluíndo entre outros, violencia doméstica, violencia de parella, acoso ou agresión sexual poden ser reticentes a denunciar os devanditos incidentes debido a medio a posibles consecuencias pola súa propia conduta. RCC anima encarecidamente aos/ás estudantes a denunciar a violencia doméstica, violencia de parella, acoso ou agresión sexual aos funcionarios da institución. Os observadores que actúen de boa fe ou unha persoa individual que denuncie actuando en boa fe que dea a coñecer calquera incidente de violencia doméstica, violencia de parella, acoso ou agresión sexual a funcionarios de RCC ou o cumprimento da lei non estará suxeito a accións derivadas do código de conduta de RCC's por incumprimentos das políticas en relación co consumo de alcol e/ou drogas que se produzan durante ou preto do momento de producirse a violencia doméstica, violencia de parella, acoso ou agresión sexual.

## Carta de dereitos dos e das estudantes

Todos os e as estudantes teñen dereito a:

Denunciar ante as entidades legais locais e/ou a policía estatal;

Que as revelacións que fagan sobre violencia doméstica, violencia na parella, acoso e agresión sexan tratados de xeito serio;

Tomar a decisión sobre revelar ou non un delito ou violación e participar no proceso xudicial ou interno e/ou procesos de xustiza penal sen recibiren presións da institución;

Participar nun proceso que sexa xusto, imparcial e coa notificación axeitada e una oportunidade representativa de ser escoitado/a;

Ser tratado/a con dignidade e a recibir da institución unha atención educada, xusta e respectuosa e servizos de asesoramento, cando estean dispoñíbeis;

Que non se suxira en ningún caso que a persoa que denuncia teña a culpa da comisión deses delitos e violacións, ou que debería ter actuado de xeito diferente para evitar ditos delitos ou violacións;

A describir o incidente ao número mínimo posíbel de representantes institucionais e a que non se lle solicite que repita de xeito innecesario a descrición do incidente.

Estar protexido/a contra represalias por parte da institución, de calquera estudante, do acusado e/ou o representante e/ou os seu amigos, familia e coñecidos dentro da xurisdición da institución;

A ter acceso a polo menos un nivel de apelación;

A estar acompañado/a por un/unha asesor/a da súa elección, que poderá axudar e aconsellar á persoa denunciante, acusada ou or demandada en todo o proceso xudicial ou interno, incluíndo durante todas as reunións e declaracións relacionadas co devandito proceso;

A exercer os dereitos civís e a práctica da relixión sen interferencia por parte da investigación, da xustiza penal ou xudicial ou proceso interno da institución.

Os dereitos aplícanse independentemente da raza, a cor, a orixe nacional, a relixión, as crenzas, a idade, discapacidades, o sexo, identidade de xénero ou expresión, orientación sexual, estado familiar, embarazo, características xenéticas predisponentes, estatus militar, estatus de vítima de violencia doméstica ou condena penal e independentemente de se o delito ou violación se produce no campus, fóra do campus ou durante estudos no estranxeiro.

Tes dereito a denunciar ante a Policía da Universidade ou a Seguridade do Campus, entidades legais locais e ou a policía estatal ou decidir non denunciar; denunciar o incidente á túa institución; que a institución te protexa contra represalias por denunciar un incidente e a recibir axuda e recursos da túa institución.